




# O LITORAL DA RÍA DE ALDÁN (CANGAS) ou o das praias imposibles

Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2019



**Distancia:** O percorrido é duns 15 km á ida, incluídos os desvíos e achegarse á punta de Couso, e só 10 de volta se se fai a combinación axeitada ou se se volve pola estrada.

**Dificultade:** media




Enseada e praia de Lagoelas



Punta do Altar



Ao longo do litoral de Cangas na ría de Aldán atópanse máis de vinte areais, pero a non ser os de Mendiña, Areabrava, Vilaríño e Aldán, e ao último cómeo a marea, case todos os demais son de acceso complicado, a non ser que se coñeza a zona, xa que algúns están en lugares apartados, outros illados polos valados das parcelas que os rodean, e só é posible chegar a eles por camiños estreitos ou carreiros, ou polas pedras da beira do mar. Hai varios sinalizados nas estradas aos que se pode chegar por itinerarios laberínticos (aínda que con moi bo criterio son, cando é posible, dun só sentido de circulación) e cando das con eles non se atopa un espazo para deixar o coche. Pero é posible percorrelos todos facendo un roteiro a pé seguindo os camiños máis achegados á liña de costa a non ser nalgúns tramos.



Vista da ría de Aldán desde o Coto de Aldao



## PERCORRIDO

Podemos dividilo en dúas partes ao leste do río Orxas e ao oeste ou as de Aldán e as de O Hío

Se comezamos en **Menduíña** temos que ir á **praia de Lagoelas** e volver, percorrer a **praia de Menduíña**, e achegarse pola **punta Cativa** á **praia de Sartaxéns** á que non é doado baixar. Saímos de Sartaxéns polo acceso acondicionado que vai á estrada e por ela, á dereita, collemos o primeiro camiño á dereita para baixar á **praia do Francón**; ao final da praia polas pedras, ou pola estrada e polo primeiro desvío á dereita, pasamos á **praia de Areacova** para cruzala e continuar pola **pedra Rubia** ata a **praia da Cova da Balea**. Desde a Cova da Balea, por un carreiro, subimos á estrada e seguindo, polo medio das casas, o itinerario máis achegado á dereita, baixamos ao **porto de Aldán** alí, á dereita temos o peirao e a **praia de Sestadelo** e á esquerda a continuación do percorrido polo **Con**, e o paseo sobre a **praia de Aldán**, a desembocadura do **río Orxas** e a **praia dos Picos** ata a **punta de Vilariño**. Desde a punta de Vilariño, pola area ou pola estrada que a beirea, percorremos a **praia de Vilariño** para achegarnos ao **porto de Vilariño** e a **praia do Cagallón**, pasar logo polas pedras da **punta Testada** á **praia de Arneles** para andala ata o remate e se a marea está baixa pasar polas pedras ata o **peirao da Ameixida** e rodear a **punta Fanequeira** para chegar á **praia de Pinténs** (coa marea alta hai que subir á estrada e logo baixar a Pinténs). A distancia polas pedras ata Pinténs é duns 800 m, facer o desvío pola estrada alonga o camiño uns 200 m e ten unha subida importante, pero é máis cómodo e afórrase tempo.

Da praia de Arneles á estrada hai uns 300 m, logo hai que camiñar pola beira da estrada outros 300 m aproximadamente e alí coller un camiño que logo segue por un carreiro para chegar á praia. No remate da praia de Pinténs hai un carreiriño polo que se sube á **punta Pinela** e se pasa a sucesión de areas **San Xián, Pipín e Castiñeira**. Na praia de Castiñeira hai unha escaleira que logo segue por un carreiro para pasar a **punta Ansoela** e baixar a **Areabrava**, a praia máis longa e a que conserva nun estado máis natural. De Areabrava pásase polas pedras á **praia de Estrepeiros** e logo por unha combinación de camiño e estrada, antes de chegar a depuradora, pero apegado ao seu peche, temos o camiño que vai á **praia da Alada**. Desde aquí podemos volver atrás ou seguir polas pedras ás **praias do Foxo** e do **Rabán**. Na praia do Rabán hai que deixar a beira do mar, subir pola escaleira e seguir subindo ata atopar un desvío á dereita, ben pisado, hai varios antes que rematan na entrada de parcelas valadas, e por el, subindo e baixando polo eucaliptal, atopamos na metade do percorrido, unha curva da que saen dous carreiros que van ás **praias do Carballiño** e do **Portal**. Volvemos ao camiño e continuamos por el ata o punto no que chega e remata un camiño de cemento. Ahí sae un carreiro que vai á **praia de Couso**, a última do percorrido. Ao pé desta praia, á dereita, hai unha **furna** á que se pode acceder polas pedras, nun tramo de certo risco, coa marea baixa; e aínda que xa non atoparemos máis praias temos preto a **punta de Couso**, da que só nos separan uns 500 m, á que non podemos deixar de achegarnos. Para iso volvemos ao camiño e continuamos polo de terra. Un pouco antes de chegar á última casa temos á esquerda uns piñeiros e polo medio deles un carreiro que nos achega ao cantil onde descubrimos de fronte as **illas das Osas** e o **Cabalo de Aldán** e á dereita os **cantís da Fontiña** con curiosas formacións rochosas. Volvendo ao camiño seguimos cara á punta para gozar das panorámicas que abranguen as illas atlánticas Cies, Ons, e Sálvora, parte da ría de Pontevedra e a costa exterior entre Sanxenxo e O Grove.




Punta do Altar



Os Cabezos de San Martiño



Punta de San Martiño



Punta do Niño do Corvo





Punta de Mendiña Norte




Praia de Mendiña



Laxes da Cativa



Punta Cativa e Laxes da Cativa



Puntas Tiradouro e Mendiña do Sur



Punta e praia de Sartaxés







Praia do Francón



Praia de Areacova



Punta da Pedra Rubia



Punta e praia da Cova da Balea



Praia de Sestadelo/do Almacén



ALDÁN. Porto.



Punta do Con (Aldán)





Praia de San Cibrán ou de Aldán



Praias dos Picos e de Aldán, separadas polo río Orxas



Desembocadura do Orxas en Aldán.  
O río Orxas recolle as augas da aba oeste da serra da Madalena e lévaas á ría de Aldán.



Punta de Vilariño e praia dos Picos



Punta de Vilariño



Praia de Vilariño e ao fondo Aldán



Porto de Vilariño



Praia do Cagallón





Punta Testada



Praia de Arneles



Punta Fanequeira.  
Peirao de Ameixide ou do Almacén.



Praia de Pinténs



Punta da Pinela



Praia de San Xián



Praia de Pipin



Praia de Castiñeira





Ría de Aldán coa praia de Area Grande e a punta Ansoela no primeiro plano



Punta Ansoela



Praia de Areabrava



Praia de Areabrava



Praia Estrepeiro





Praia e punta Alada



Praia do Foxo



Praia de Rabáns



Praia do Carballiño



Praias do Portal



Furna de Couso



Praia do Couso



Vista aérea desde a praia de Area Brava ata a punta de Couso, no remate da ría de Aldán. Ao fondo o cabo Home e a ría de Vigo





Punta de Couso



Faro na punta de Couso



Punta das Osas. As Osas e o Cabalo de Aldán



Punta da Fontiña



Vista da costa de Soavela desde a punta das Osas